



Concello de Cangas

Expediente núm: 1430/2017

Procedemento: PS-17/03 Constitución de bolsa de emprego (persoal laboral) Tempo libre

Asunto: Corrección de erros Decreto 2017-1747.

Documento asinado por: O Alcalde.

RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

O 23/12/2017, en cumprimento do disposto nas bases aprobadas por acordo de Xunta de Goberno Local de data 23/05/2017 que rexen do proceso selectivo para a constitución dun listado de contratacións ou lista de agarda para a cobertura das contratacións necesarias de directores/as de tempo libre e monitores/as de tempo libre para o Concello de Cangas, aprobouse a resolución de Alcaldía núm. 2017-1747 que no seu apartado 3º dispón o lugar, datas e a orde das probas a realizar.

Advertido erro no dispositivo 3º da devandita resolución respecto a fixación da primeira proba da fase de oposición prevista para o xoves día 18/01/2018 onde di “proba práctica” debera dicir “exame teórico (proba test)” en correspondencia co previsto na base sexta das que rexen o proceso selectivo.

Tomando en consideración o disposto no artigo 109 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas que prevé que as Administracións Públicas poderán rectificar en calquera momento, de oficio ou a instancia dos interesados, os erros materiais, de feito ou aritméticos existentes nos seus actos

DISPOÑO:

PRIMEIRO: Corrixir o erro existente no dispositivo terceiro da resolución desta Alcaldía núm. 2017-1747 de 23/12/2017 de tal xeito que onde dí:

“XOVES 18/01/2018

10:00 H. Chamamento aos aspirantes as prazas de directores de tempo libre para a realización da proba práctica, de carácter eliminatorio, no salón de plenos.

11:30 H. Chamamento aos aspirantes as prazas de monitores para a realización da proba práctica, de carácter eliminatorio, no salón de plenos. “

Dirá:

“XOVES 18/01/2018

10:00 H. Chamamento aos aspirantes as prazas de directores de tempo libre para a realización do exame teórico (proba test), de carácter eliminatorio, no salón de plenos.

11:30 H. Chamamento aos aspirantes as prazas de monitores para a realización do exame teórico (proba test), de carácter eliminatorio, no salón de plenos.”

SEGUNDO: Publicar a presente resolución no taboleiro municipal, sede electrónica e páxina web do Concello.

DOCUMENTO ASINADO DIXITALMENTE.

Concello de Cangas

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 (Pontevedra). Tfno. 986300050. Fax: 986304850